

REGULAMENTO
VI CONGRESO NACIONAL
CONVERXENCIA 21
Tui – sábado, 26 de novembro de 2022



21 Os liberais galegos



Data 01/11/2022

REGULAMENTO DO VI CONGRESO NACIONAL CONVERXENCIA 21.

Presentación por parte da Instrutora do Congreso do Regulamento do Congreso.

Estimados Compañeiros:

Ante todo quero presentarme, o meu nome é Mónica Romero González. Son afiliada de Convergencia 21 dende fai catro anos e tiven a honra de formar parte das listas do noso partido cara as Eleccións Municipais do 26 de maio de 2019 e ademais de ser Secretaria Encargada no I Congreso Local C21 – Tui.

Nesta ocasión preséntome como Instrutora neste VI Congreso Nacional co obxecto de ir indicando os pasos a dar dende un punto de vista protocolario. Quero agradecer a C21 Tui, anfitrión do Congreso, esta deferencia que tivo comigo. Como expliquei, é a segunda vez que realizo esta labor, ou parecida. A primeira foi con motivo do I Congreso Local de C21 Tui, e para min é unha gran honra e responsabilidade.

Este texto protocolario ten unha tripla procedencia xurídica: primeiro, os actuais estatutos, segundo, os que están en proxecto pero que unha vez se aproben guiarán a segunda parte do Congreso, e terceiro, dende o punto de vista simplemente formal, o regulamento de I Congreso Local de C21 Tui.

Con este regulamento queremos que primen varios factores:

- 1) A democracia interna. Partimos dun debate aberto sobre como consideramos que debe ser o noso partido a nivel nacional e sobre quen debe dirixilo.
- 2) A máxima representatividade das bases. Entendemos que neste caso tódolos afiliados deben ser Compromisarios neste Congreso.
- 3) A eficiencia, tendo en conta as posibilidades de espazo, tempo e economía, e que prevaleza a orde sobre o caos e que se formule o quórum legal esixido para que os acordos tomados sexan válidos.

- 4) Calidade xurídica e absoluta diafanidade no proceso. Entendo cos mecanismos xurídicos e técnicos do Congreso responden a esta esixencia, con unha constante fabricación de fiestras de saída para solucionar as posibles continxencias adversas que se poidan presentar.

Agardo que este Regulamento sexa unha guía de viaxe certa e clara. Elaborámolo con ese ánimo e espero que o apoiades como ferramenta de dirección deste novo capítulo para o noso partido.

Moitas grazas.

D. Mónica Romero González.

Instrutora do VI Congreso Nacional de Convergencia 21.

Preámbulo.

C21 é unha formación creada en 2009 co obxectivo de proxectarse en Galicia, que está ao servizo da cidadanía nos planos político, social, económico, cultural e medioambiental. Sen embargo, doce anos despois da súa fundación os resultados son aínda modestos e o partido necesita un impulso, unha reactivación que debe partir de recompoñer a única praza onde se ven acadando representación, Tui, e dende este lugar abrir un proceso de expansión, pero posterior as eleccións municipais. Para isto entendemos que é imprescindible plantexar unha reformulación ideolóxica e unha potente reforma estrutural. Tamén, como marcan os estatutos, vaise a formalizar un cambio de dirección, isto último no sentido do preámbulo recentemente exposto.

A día de hoxe consideramos que a constitución xurídica e orgánica do partido é unha necesidade perentoria, por iso estamos aquí.

Natureza Xurídica.

Esta convocatoria emana do cumprimento das directrices da Executiva Nacional.

Sobre a data do Congreso.

Acordouse o 26 de novembro (sábado) como data de celebración do VI Congreso Nacional de Convergencia 21.

As razóns estriban en que:

- a) Por imperativo legal dos estatutos (artigo 27) obrigan a convocar Congreso con un mínimo de 45 días antes da súa celebración.
- b) Pola necesidade de abordar determinados asuntos administrativos e políticos do partido dentro deste ano 2022.

Sobre o anuncio da convocatoria do Congreso.

A data da convocatoria fixouse para o día 26 de novembro. Dita convocatoria pode ser anunciada na web nacional e na rede social Facebook de Convergencia 21. Tamén será obrigatoriamente enviada a tódolos afiliados por correo electrónico e si fora posible por Whatsapp.

Sobre a activación do Congreso.

Activado mediante Convocatoria emitida polo Sr. Secretario Xeral, D. Xaime Requeixo o día 15 de outubro de 2022.

Sobre os Compromisarios.

- 1) Acordase por parte da Executiva Nacional que sexan Compromisarios tódolos afiliados do partido, cas súas cotas ao orde do día tal como marcan os Estatutos nos seus artigos 5, 6, 7, 8 e 9.
- 2) Tódolos afiliados de C21 terán voz e voto neste congreso.
- 3) Un afiliado un voto, sen votos de calidade.
- 4) Os Compromisarios serán convocados en tempo e forma que se describen nos estatutos actuais e se reflicten neste regulamento.
- 5) A data de peche de afiliación para participar no Congreso é o 1 de outubro de 2022.

Sobre a Orde do Día do Congreso.

Será incluído na Convocatoria do Congreso.

Orden Do Día:

- 1) *Debate e aprobación da proposta de Estatutos de C21.*

- 2) *Elección dos Novos Órganos de Dirección do Partido a Nivel Nacional: Elección do Presidente de Honra, Presidente Nacional e a proposta deste, da Executiva Nacional.*

Sobre o debate dos novos Estatutos de C21.

Especificaranse as normas do debate, emendas e aprobación destes estatutos.

- a) Estes novos estatutos enviarase antes do 15 de novembro de 2022 ao correos electrónicos dos afiliados.
- b) Poderanse presentar emendas ata o día 20 de novembro.
- c) A Executiva Nacional recollerá ditas emendas e as plantexará en tempo e forma durante o debate para que os emendantes as poidan defender no exercicio dos seus dereitos.

Sobre a Elección dos órganos da organización nacional.

Sobre os prazos de admisión das candidaturas:

- a) Acordase o inicio da recollida de avais e a presentación de candidaturas o día 01 de novembro de 2022 e o límite para a presentación desas Candidaturas a Presidencia (cos seus avais) o 11 de novembro de 2022. As distintas presentacións dos candidatos poderán figurar na web do partido e remitiranse por Correo Electrónico.
- b) Os candidatos á Presidencia Nacional presentarán un mínimo de 5 avais firmados por afiliados de C21.
- c) Non valerá o aval propio.
- d) As candidaturas a Presidencia anunciaranse antes do 15 de novembro, ca súa executiva, e trala comprobación dos avais.

Lagoas interpretativas.

Serán interpretadas antes do Congreso polo Secretario Xeral e durante o Congreso polas distintas mesas electas.

REGULAMENTO.

Art. 1. Recepción, Saúdos e Acomodo.

- a. O acto comezará ca máxima puntualidade.
- b. Dez minutos antes de comezar a sesión os Compromisarios deberán dirixirse ao set de organización co obxecto de recoller as súas credenciais e deberán portalas durante toda a sesión, ata o final do Congreso. Non se permitirá a entrada ao recinto as persoas que no se acrediten debidamente. Ditas credenciais terán varias categorías: a. Compromisario, b. Invitado e c. Prensa. Aos Compromisarios tamén se lles proporcionará un sobre cos cartóns de votación e outros elementos documentais necesarios para o Congreso. A Instrutora do Congreso será a responsable de montar o stan de recepción cas listaxes de Compromisarios, Invitados e Prensa.
- c. A disposición do salón será a que sigue: 1. Mesa do Congreso que contará con 3 asentos para os seus membros e 1 cadeira valeira para determinadas continxencias. 2. O espazo destinado aos Compromisarios. 3. Tribuna de Intervencións. 4. Un espazo para invitados, se os houbese, e 5. Un set de prensa, si a houbese.
- d. A Instrutora do Congreso designará a unha persoa, non necesariamente afiliada, para asumir labores protocolarias de acomodo.

Art. 2. Lectura da Carta de Presentación da Instrutora do Congreso e discurso de apertura oficial por parte D. Xaime Requeixo, Secretario Xeral presentado pola propia Instrutora.

(Neses intres so a Instrutora e o Secretario Xeral estarán sentados na Mesa do Congreso e se levantarán respectivamente dos seus asentos cara a tribuna para intervir, a primeira a lectura da súa presentación e do preámbulo e o segundo do seu discurso)

Art. 3. Apertura da Sesión da Mesa de Cesantes.

A Mesa de Cesantes a formarán os membros da actual Executiva Nacional, se ven poderá ser completada por calquera afiliado.

a) Serán membros da Mesa de Cesantes:

- D. Xaime Requeixo en calidade de Presidente de Mesa.
- D. Carlos Vázquez Padín en calidade de Secretario de Mesa.
- D. Eduardo Freiría en calidade de vocal.

b) Suplentes da Mesa de Cesantes: D. Antonio Asorey e D^a. María Jesús da Silva ou quen designe o Secretario Xeral,

Art. 4. Comprobación preliminar das condicións para o quórum establecidas pola Executiva Nacional e descritas no Regulamento.

A continuación, o Secretario da Mesa de Cesantes comprobará o QUÓRUM para a realización deste Congreso, tendo en conta que fai falta a presenza da metade + 1 dos Compromisarios convocados. No caso de que exista dito quórum seguirase adiante co Congreso pero no caso contrario a Mesa de Cesantes reuniranse co obxecto de adoptar as medidas que consideren oportunas ao respecto. a/ Rebaixar o Quórum ata onde proceda co fin de poder celebrar o Congreso, b/ Esperar a chegada de máis compromisarios se houberese esa posibilidade de asistencia ou c/ Suspensión do Congreso. Durante todo o Congreso para poder acceder a cada unha das votacións ten que darse o quórum acordado pola Mesa de Cesantes.

Art. 5. Discurso de D. Carlos Vázquez Padín, o Presidente Fundador.

O Sr. Carlos Vázquez Padín dirixirase ao Congreso.

Art. 6. Ratificación do Regulamento do Congreso.

Pasarase directamente a votación tras unha breve explicación do seu funcionamento por parte da Instrutora. (Subirá a Tribuna o creador do regulamento e dará as explicacións pertinentes sobre dito Regulamento)

Ratificación do Regulamento. Se necesita a metade + 1 dos votos con cartóns.

Verde = A favor

Branco = Abstención

Vermello = En contra

No caso de non ratificarse o conxunto do Regulamento os Compromisarios poderán presentar emendas ao mesmo, tendo en conta ca Mesa poderá rexeitar as que non encaixen nos estatutos do partido e na actual lei de partidos políticos.

Unha vez debatidas e votadas esas emendas procederase a unha segunda votación do Regulamento. Se tampouco se aproba, reunirse a Mesa de Cesantes e tomará as medidas que considere oportunas.

Art. 7. Sometemento a votación da Mesa do Congreso.

a) Tres membros dunha candidatura que será proposta pola Mesa de Cesantes: A composición é a que sigue:

Presidencia: Aurea Fernández Fernández.

Secretaría: Ricardo Rodríguez Hernández.

Vocal: María Jesús (Chus) da Silva.

Suplentes en caso de -non comparecencia- -ata 3 membros-: Sonia Santos Ferreira, Martínez, Juan Carlos Rguez Constantino e Diego Santos Ferreira.

b) O Presidente da Mesa de Cesantes irá nomeando a estas persoas en voz alta, e estes permanecerán levantados diante dos seus respectivos asentos facendo a viva voz a aceptación de comisionamento para a Mesa, polo tanto, dicindo "Acepto". Se despois disto queda algunha vacante, o Secretario Xeral pedirá voluntarios. Tras este trámite, levarase a cabo a votación de aceptación ou rexeitamento da Mesa do Congreso a través do voto con cartóns.

Os Compromisarios, ante a interrogación do Presidente da Mesa de Cesantes de: "Si se aproba a Composición da Mesa do Congreso"- levantarán os seus cartóns (votos a favor, en contra e abstencións).

c) Se non se aproba esa Mesa por vía democrática (a metade + 1) nesta primeira votación, se reiniciará o proceso electivo con outros tres membros elixidos, previa deliberación da Mesa de Cesantes. Se aínda así non se chega a una maioría entón serán o Presidente o Secretario, e o Vocal da Mesa de Cesantes os que alternativamente os elixirán de entre os presentes (salvo entre os candidatables a Presidencia) ou poderán tomar medidas extraordinarias que irán, incluso, ata a suspensión do Congreso.

Art. 8. Disolución de Mesa de Cesantes.

Trala Elección da Mesa do Congreso os Membros da Mesa de Cesantes deixarán os seus postos aos da Mesa do Congreso.

Art. 9. Apertura da Mesa do Congreso e plantexamento do Orde do Día.

a) A Presidencia da Mesa do Congreso abrirá a súa actuación, primeiro, volvendo a comprobar o quórum de forma definitiva para constatar cos acordos a tomar serán válidos, segundo, aceptar os puntos de urxencia que se presenten e votar a mesma para que poidan ser tratados, terceiro, facendo ver a los asistentes que haberán de adaptarse a unha serie de protocolos de intervención, baseados na liberdade de expresión pero tamén na racionalidade dos tempos, ao axuste dos asuntos propostos e as regras básicas de decoro e compostura.

b) A Mesa poderá tomar medidas expeditivas que irán dende a amonestación ata a expulsión da sala, ou incluso do Congreso, a aquelas persoas que incumpran o Regulamento ou teñan un comportamento inadecuado. Estas sancións non poderán ser recorridas ante a Mesa pero si a posteriori ante a Comisión Nacional de Conflitos.

c) Seguindo co Congreso, o Presidencia da Mesa outorgará venia a continuación ao Secretario da Mesa para que plantexe o Orde do Día.

Este será:

Orden Do Día:

- 1) *Debate e aprobación dos novos Estatutos de C21.*

- 2) *Elección dos Novos Órganos de Dirección do Partido a Nivel Nacional: Elección do Presidente de Honra, do Presidente Nacional e a proposta deste, da Executiva Nacional.*

Desenrolo da Orde do Día:

Art. 10.

➤ **1) Debate e aprobación dos novos Estatutos.**

a) Presentación Preliminar: En tempo e forma a Executiva Nacional terá enviado a tódolos afiliados locais o documento orixinal + as emendas. Abrirase presentación das emendas rexistradas. O formato para a presentación de emendas será:

Texto orixinal estará a man esquerda e será subliñado o articulado co cal non se está de acordo e na parte dereita, a altura do texto rexeitado, irá escrito o texto alternativo. Isto podería resaltarse de forma opcional con cores vermello a esquerda e azul a dereita. Tamén pode ir por cores, adxuntando textos alternativos lila e vermello para incluír texto ou eliminar texto respectivamente.

A Executiva Nacional poderá previamente desestimar as emendas con contidos que atenten contra la democracia interna, os estatutos ou contra a legalidade vixente na actual Lei de Partidos Políticos.

b) O prazo máximo para a presentación de emendas será o 15 de novembro de 2022.

c) Debate dos Estatutos.

Irán subindo ao estrado, primeiro os responsables da reforma e despois os respectivos emendantes para ler as súas emendas a viva voz. A continuación de cada exposición votaranse. Unha vez revisado o texto votarase en conxunto.

d) Solo aprobaranse os estatutos cando o texto obteña o beneplácito da metade + 1 dos compromisarios.

A partir de agora rexen os novos Estatutos.

Art. 11.

- **2) Elección dos membros dos Órganos de Dirección do Partido: Elección do Presidente de Honra, do Presidente Nacional e a proposta deste, da Executiva Nacional.**

a) Exposición da validez dos Avais das Candidaturas a Presidencia Nacional por parte da Mesa.

Método de Recollida de Avais.

Antes das 23.59 horas do día 11 de novembro de 2022 os aspirantes a Candidatos a Presidencia de C21 terán que ter entregado a Executiva Nacional os avais pertinentes para que estes sexan comprobados e validados. Será o Secretario Xeral quen os valide de antemán. Do mesmo modo, será a Instrutora do Congreso que os entregue a Mesa do Congreso. A Mesa amosará aos asistentes os documentos certificados ca sinatura do Secretario Xeral.

Condicións para avalar:

- Tódolos avalistas serán afiliados de C21, terán que cumprir as obrigacións marcadas polos estatutos, principalmente estar ao corrente no pago da cota.
- O documento acreditativo será o "Formulario de Aval"-, logo asinado polo Secretario Xeral.

Así darase por aberto o proceso electivo do Presidente Nacional.

b) Proceso de Presentación de Candidatos.

O Presidente da Mesa mencionará en voz alta a cada un dos candidatos e a súa candidatura do seguinte modo:

- Candidatura nº 1) A formada polo aspirante a Presidencia Nacional D. xxx , e acompañado pola Executiva formada por.....

(nomes)

- Candidatura nº 2) A formada polo

E sucesivas.

Como xa se explicou, ditos candidatos deben rexistrarse antes do día 12 de novembro. Será presentada ante a Mesa do Congreso mediante un documento con formato "Candidatura a Presidencia Nacional C21".

No caso da candidatura executiva terá un mínimo de 5 membros e un máximo de 21. Quedarán invalidadas as candidaturas que non presenten dito trámite. Quedarán invalidados os nomes que non se axusten a legalidade e incluso toda a Candidatura se trala repulsa de nomes queda en menos de 5 membros –incluído o Presidente.

Será a Mesa do Congreso os que comprobarán a validez dos propostos.

A continuación a Presidencia de Mesa irá dando paso (por estrito orde de presentación previa) a cada candidato, que dende a tribuna desenrolará un discurso de entre 10 e 15 minutos co obxecto de presentar o seu proxecto e as persoas que conformarán o seu equipo, (este discurso poderá obviarse). A continuación, abrirase unha quenda de preguntas por parte dos compromisarios. Cada pregunta irá dirixida a tódolos candidatos. O límite de preguntas e tempo de intervención os marcará a Mesa actuando con imparcialidade.

Una vez termine o proceso, darase paso a elección.

"No caso de que tódolos candidatos a Presidencia teñan retirado a súa candidatura entre a presentación da mesma e o momento da elección, a Executiva Nacional poderá nomear unha xestora ata o momento dun novo Congreso Nacional en tempo e forma segundo ditaminan os estatutos.

c) Proceso de elección dos Órganos de Dirección Nacional: Elección do Presidente de Honra, do Presidente Nacional e a proposta deste, da Executiva Nacional.

c.1. A Elección do Presidente de Honra será antes das votacións do Presidente Nacional e será por aclamación. A Mesa propondrá un nome, previamente plantexado pola Executiva Nacional, e a continuación se someterá votación baixo as premisas e normas dos Novos Estatutos. Se votará a man alzada e si sae elixido poderá dirixirse aos presentes.

c.2. A continuación a Mesa organizará unha urna e o procedemento de votación da Presidencia Nacional e da Executiva co fin de que o proceso se desenrole de forma limpa, transparente, segura, rápida, secreta, ordenada e sobre todo democrática.

Os compromisarios terán no seu poder o material electoral que consiste en: un sobre (de calquera cor), un determinado número de folios de candidatura de color verde, ademais das súas cartulinas vermella e branca que ata agora usáronse para votar en contra ou absterse. A verde queda descartada.

A) Folios de Candidatura de cor preferentemente verde ou amarelo: Por cada compromisario existirán tantos folios de candidatura de cor verde/amarelo como candidaturas se postulen. Estas entregaranse aos compromisarios a entrada do congreso. Por unha cara o folio verde/amarelo levará escrito o nome do candidato á Presidente Nacional e pola outra cara os nomes das persoas que conforman a súa executiva (provisional), incluíndose o candidato como cabeza de lista.

B) Cartulina Branca de abstención.

C) Cartulina Vermella de voto en contra.

c.3 Unha vez se abra a urna, o Presidente de Mesa irá chamando a cada compromisario por orden alfabético e o compromisario introducirá o seu voto, previa presentación do seu DNI; Así poderá tomar tres opcións de voto.

-
- 1) Depositar na urna o sobre que conterá dentro o folio de candidatura verde que nomee o seu candidato predilecto, ca súa candidatura. Se unha folla verde senón o voto será nulo.
 - 2) Depositar na urna o sobre tras introducir neste o cartón Branco de "abstención". Esta opción indica que non se está convencido da conveniencia o predilección de ningún dos candidatos nin das candidaturas presentadas.
 - 3) Depositar na urna o sobre tras introducir neste a cartulina Vermella de "en contra" de tódolos candidatos e/ou das súas candidaturas. Esta opción indica estar en contra de tódolos candidatos e candidaturas que se presentaron.
-

c.4 En todo caso, para ofrecer tódalas garantías de confidencialidade e liberdade habilitarase un espazo apartado/cabina para quen opte por realizar as operacións dos sobres de forma íntima e secreta.

O voto dos compromisarios é obrigatorio. Os membros da Mesa votarán ao final e a última en votar será a Instrutora do Congreso.

d) Recento dos votos.

d.1. A continuación farase un receso de 5 ou 10 minutos, pasándose ao recento dos votos emitidos. Serán os membros da Mesa os que contabilizarán os votos.

d.2. En caso de denuncias de irregularidades no recento serán a Instrutora e o Presidente de Honra os que realicen dito recento,

rodeados por tódolos membros da Mesa do Congreso. Ninguén da Mesa abandonará a sala durante o reconto. Una vez contabilizados os votos o Presidente de Mesa comunicará os resultados.

d.3. Condicións de proclamación segundo o reconto.

- 1) Suposto de so unha Candidatura. O candidato ten que conseguir un mínimo do 50% dos votos emitidos. Os nulos non computan.
- 2) Suposto de dúas Candidaturas. Gaña a candidatura máis votada sempre e cando obteña mais do 33% dos votos emitidos, contando contras e abstencións. Os nulos non computan.
- 3) Suposto de tres ou máis Candidaturas. As dúas candidaturas máis votadas pasan a unha segunda volta, a cal irá rexéndose cas normas do suposto anterior.

d.4. Serán nulos tódolos votos de sobres baleiros, os que leven palabras anexas, tachóns ou garabatos nas papeletas e que advirtan escritas de forma deliberada. Será a Mesa quen decidirá sobre esta cuestión.

d.5. Para cada unha das deliberacións da Mesa é preceptiva unha maioría.

d.6. Se non sae ningunha solución de Candidatura no caso 1), realizarase unha segunda votación na que o Candidato necesitará so o 40% dos votos emitidos.

d.7. Se non sae ningunha solución de Candidatura por empate dos candidatos (2 y 3), a Mesa poderá establecer unha votación en terceira volta.

d.8. Se a situación é reiterativa, formalizarase un grupo directivo (Mesa de Emerxencia) que englobe á Mesa do Congreso, ao Presidente de Honra e a Instrutora (con voz pero sen voto) que establecerá un

mecanismo inmediato para superar esta situación anómala. O Presidente deste Mesa será Presidente de Honra e o Secretario desta Mesa será o Presidente da Mesa do Congreso.

a) En caso de empate técnico entre candidatos, esta Mesa de Emerxencia de acordo cos candidatos, podería presentar ao Congreso un Presidente e unha lista de Executiva previamente negociada. Se recomporía a Mesa do Congreso e se votaría dita lista de forma secreta e utilizando directamente cartulinas verdes, brancas e vermellas.

d.9. En caso de vitoria dun Candidato, o Candidato Vencedor poderá propoñer xusto antes da disolución da Mesa do Congreso, e previo ao seu Discurso de Proclamación, a incorporación na súa Executiva de ata 5 membros da lista contrincante, sempre e cando o total de membros non supere o límite dos persoas establecidos polos novos estatutos e que son 21.

d.10. De non saír adiante dichas medidas extraordinarias, a Mesa de Urxencia nomearía unha Xestora de 5 membros, os que prepararían un novo Congreso en tempo e forma.

d.9. A continuación a Mesa do Congreso procederá a disolver o Congreso.

d.10. O Congreso Nacional manifesta que a Presidencia e a Executiva Nacional son dous órganos Autónomos e Soberanos dentro da Organización de C21.

Art. 12. Proclamación do novo Presidente e Disolución da Mesa do Congreso.

O Presidente da Mesa anunciará que proclamase ao novo Presidente e disolución da Mesa, e. Isto dará paso ao discurso do novo Presidente que se o desexa poderá celebrar a súa primeira reunión executiva.

Art. 13. Redacción do Acta do Congreso.

a) Este proceso non será válido se a Secretaría Xeral non redacta o acta do Congreso no prazo de tres meses. Este acta será debidamente protocolizada.

b) No caso de que o equipo redactor non redacte o acta poderá facelo o propio Presidente.

c) A labor del notariar e protocolizar a acta serán do Presidente e/ou do Secretario Xeral.

Disposición Final (Debe facerse constar en acta)

Pola presente, o VI Congreso Nacional de Convergencia 21 (C21) faculta a membresía da Executiva Nacional para elevar a público e para inscribir no rexistro de Partidos políticos do Ministerio do Interior os novos estatutos e a nova Executiva Nacional.

E así o firman:

Xaime Requeixo / Secretario Xeral.

José Manuel Palacín Y Rguez / Redactor do Regulamento.

Mónica Romero González / Instrutora do Congreso



ANEXOS



Anexo 1- Orde do Día da Convocatoria.

Orden Do Día:

- *1) Debate e aprobación dos novos Estatutos de C21.*

- *2) Elección dos Novos Órganos de Dirección do Partido a nivel Nacional: Elección do Presidente de Honra, do Presidente Nacional e a proposta deste, da Executiva Nacional.*



2 – Listaxe de Compromisarios.



3. Documento de Solicitud de avais.

Solicitud de Avais.

Pola presente eu D/Dª
Con DNI....., e afiliado/a de Convergencia 21, avalo a

D. JOSE MANUEL PALACÍN Y RODRÍGUEZ

na súa candidatura a *Presidencia Nacional de Convergencia 21*, que
presentará no VI Congreso Nacional a celebrar o 26 de novembro de
2022.

O asina.



4. Documento de Presentación de Candidatura.

Presentación de Candidatura.

Pola presente eu D^a,
con DNI....., presento a miña candidatura a Presidente
Nacional de Convergencia 21 neste VI Congreso Nacional.

O asina.



Anexo 4. Calendario do VI Congreso Nacional C21.

1 de outubro.....Peche da afiliación en Tui cara ao Congreso.

10 de outubro.....Convocatoria do VI Congreso.

1 de novembro.....Inicio de presentación de candidaturas a Presidencia.

11 de novembro.....Limite de presentación de candidaturas (cos seus avais) a Presidencia.

15 de febreiro.....Anuncio das candidaturas.

15 de novembro.....Limite de presentación de emendas aos estatutos.

26 de novembro.....Celebración do VI Congreso Nacional C21.